

ADDENDA DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICA DO CURSO 2021-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



COLEXIO PLURILINGÜE SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS

Segundo a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, debemos revisar e actualizar a Programación didáctica presentada en setembro de 2021 nos apartados referidos ao proceso de avaliación.

Seguiremos en todo momento as consideracións de carácter xeral que din o seguinte no seu artigo 3:

1. A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.
2. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Atenderemos tamén ao mencionado no artigo 4 referido a Atención ás diferenzas individuais na avaliación:

1. Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
2. Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Segundo o artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 a avaliación na ESO terá as seguintes novidades:

7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

9. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO CENTRO

Artigo 8. Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, e se non hai acordo procederá a unha votación de todos os membros do Equipo docente, acadando unha decisión por maioría simple. Esta decisión atenderá ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que:
 - a) Teña superado todas as materias cursadas.
 - b) Teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerando para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
 - c) O Equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que cumpra tamén TODAS as seguintes condicións:
 - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - Que o Equipo Docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - Que o Equipo Docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CRITERIOS DE TITULACIÓN DO CENTRO

Artigo 10. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición

das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén TODAS as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MATRICULA DE HONRA

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En caso de empate revisarase a media do segundo trimestre e de seguir o empate revisarase a media do primeiro trimestre.

ADDENDAS AS PROGRAMACIÓNS DOCENTES PARA O CURSO 2021/2022

Addenda á avaliación Bioloxía e Xeoloxía

Rectifícase o apartado “Avaliación extraordinaria” recollido no punto 13.1 da programación didáctica da materia de Bioloxía e Xeoloxía para adaptarse á nova normativa recollida na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022).

Recuperacións:

- Avaliación parcial: o alumnado con algunha avaliación suspensa poderá recuperala na proba escrita final do terceiro trimestre tal e como se recolle no punto “Recuperación” da programación didáctica.
- Avaliación final: durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño o alumnado que non supere a avaliación de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Realizarase unha proba final axustada aos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario.

Avaliación final do alumnado coa materia superada:

Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño o alumnado con todas as avaliacións superadas poderá realizar actividades de repaso e reforzo para afianzar coñecementos sobre os contidos traballados durante o curso. As actividades poden ser avaliábeis e pode realizarse unha proba que servirá para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións.

Addenda á avaliación de Cultura Clásica

De acordo á *ORDE do 25 de xaneiro de 2022*, **elimínase toda referencia** na Programación Didáctica de Cultura Clásica á **avaliación final extraordinaria**.

Desta maneira, unha vez rematada a terceira avaliación parcial o 6 de xuño de 2022, o alumnado que non teña superada unha ou máis partes da materia aplicaráselle un **plan de apoio, reforzo e recuperación** consistente en:

- A realización dunha serie de actividades similares ás realizadas ó longo do curso en base aos criterios de avaliación máis salientables dos distintos bloques temáticos.

- A verificación da adquisición dos anteriores contidos mediante unha proba escrita a realizar entre os días 20 e 22 de xuño. Considerarase superada a materia obxecto de recuperación cando se alcance unha nota igual ou superior a un 5 sobre 10.

Por outro lado, no caso do alumnado que teña superada a materia unha vez rematada a terceira avaliación parcial, ofertaráselle **actividades de ampliación** destinadas a complementar ou afondar nalgúns dos contidos xa traballados ao longo do curso.

Addenda á avaliación Primeira Economía

Dende o 6/06/2022 ata o 22/06/22, aqueles alumnos que non acadaron de xeito suficiente os obxectivos de etapa, realizarán actividades de apoio, reforzo e recuperación que estarán dirixidos a recuperar e garantir a adquisición das aprendizaxes mínimas para continuar o proceso educativo.

Tipos de actividades:

- Actividades de recapitulación e repaso da materia suspensa.
- Traballos e actividades pendentes de entregar ou a recuperar, que non foran avaliados positivamente no período ordinario.

Na sesión de avaliación final, o profesorado destes alumnos e alumnas, decidirá sobre a súa promoción atendendo á consecución dos obxectivos, ó grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna e sempre, tendo en conta, os criterios de promoción establecidos na programación.

No período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final o alumnado que aprobou toda a materias na sesión do 6/06/22, realizará actividades de ampliación e titoría orientadas á ampliación e ó afondamento das aprendizaxes xa adquiridas.

A cualificación definitiva destes alumnos e alumnas, farase efectiva na avaliación final do curso, podendo superar a nota da 3ª avaliación nun máximo de 1 punto, se cumpran os seguintes criterios:

- ✓ Actitude positiva do alumno ou alumna na aula, atención ás explicacións do profesorado, formulación de dúbidas se as houbese e interese e esforzo na resolución de problemas.
- ✓ Actitude de respecto cara ó profesorado e ós compañeiros.
- ✓ Participación no traballo da aula e presentación de todas as actividades de ampliación, propostas para este período, resoltas e corrixidas.

Addenda á avaliación Primeira Educación Física

PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES. AVALIACIÓN FINAL.

Como se explica ao longo da programación, esta materia non ten carácter progresivo, xa que en cada unha das avaliacións impártense unha serie de contidos diversos que se considera

fundamental coñecer. Polo tanto, o alumnado que non consiga obter unha valoración positiva nalgún dos trimestres, tras a realización dunha primeira recuperación da parte pendente, deberá recuperar ditas partes en xuño, conservándose as notas do resto de criterios propostos na programación didáctica.

Por tanto, durante esta recuperación de xuño, aquel alumnado que posúa unha valoración negativa nalgún dos criterios propostos nesta materia, recibirá un plan de recuperación e reforzo por parte do docente, de forma individualizada, e mediante diversas tarefas ou actividades que lle permitan acadar as competencias suficientes neses apartados. Posteriormente, e antes da avaliación final, realizarase unha recuperación dos apartados pendentes de cada un dos estudantes, de tal forma que:

- No caso de suspender o apartado teórico, poderase propoñer a realización dun exame teórico final, cos contidos desenvolto durante a avaliación pendente, ou a implementación dun traballo de recuperación, en función do esforzo e interese que o docente considere que tivo o estudante para intentar mellorar e aprender.
- No caso de que o estudante non acadara as competencias necesarias en canto ao apartado práctico, propoñerase a realización dunha serie de actividades e tarefas para o desenvolvemento destas capacidades motrices, considerando por parte do docente, mediante un exame práctico final, se o esforzo e a mellora realizados polo estudantes son suficientes para obter unha valoración positiva nese apartado e, por tanto, na avaliación final.

A maiores, co alumnado que obtivo unha valoración positiva na avaliación final, procederase á realización dunha serie de actividades e tarefas co obxectivo de afondar en maior medida nos contidos, tanto teóricos coma prácticos, que se impartiron ao longo do curso académico, intentando focalizar en maior medida a atención naqueles que, en xeral, obtiveron unha menor cualificación por parte do alumnado. Para estes, tamén se pode propoñer a realización dun traballo sobre estes contidos, para observar a súa evolución cos actividades propostas. Tras este proceso, o docente poderá conceder, como máximo, un aumento dun 5% da nota, é dicir, 0,5 puntos ao alumnado que o considere oportuno, en función do esforzo e do traballo realizados durante este tempo.

Addenda á avaliación EPVA

ALUMNOS COA MATERIA APROBADA

O alumnado que teña superado con éxito a 1ª, 2ª e 3ª avaliación, dedicarán o período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño a realizar láminas ou actividades de reforzo dos contidos xa traballados durante o curso. Non se ampliará temario.

ALUMNOS COA MATERIA SUSPENSA

O alumnado que teña algunha avaliación parcial suspensa, entre o 6 e o 22 de xuño terá que:

- Facer os traballos (láminas, carteis ...) que non se teñan entregados .
- Repetir as láminas nas que tivo cualificacións suspensas e que a profesora lle teña indicado que debe volver a facer para recuperar a materia.

Estes traballos deben realizarse correctamente e deben ser entregados completamente rematados.

A profesora guiará o seu traballo de xeito personalizado, na medida do posible, tentando que o tempo de clase sexa suficiente para acadar un resultado positivo.

A alumnado debe ter na clase todo o material de Plástica preciso para poder facer o traballo que teña pendente.

O alumnado que teña moitas láminas para entregar ou repetir, e que o tempo da clase non sexa suficiente, terá que levar o traballo para a súa casa e ir seguindo as instrucións e os tempos que a profesora lle indique. As ditas láminas, que deba ser rematadas na casa, débense realizar exclusivamente polo alumnado, sen axuda.

Condições para obter o aprobado

Entregar os traballos que tivese pendentes (por non telos entregados no seu momento ou por ter que repetilos por estar suspensos), realizados e rematados, antes da data límite que lle indique a profesora. Esta data será comunicada con suficiente antelación, tanto ao alumnado como as súas familias a través da plataforma Educamos.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación final

A nota final será a media aritmética das notas obtidas na 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

Addenda á avaliación Educación financeira

Dende o 6/06/2022 ata o 22/06/22 , aqueles alumnos que non acadaron de xeito suficiente os obxectivos de etapa, realizarán actividades de apoio, reforzo e recuperación que estarán dirixidos a recuperar e garantir a adquisición das aprendizaxes mínimas para continuar o proceso educativo.

Tipos de actividades:

- Actividades de recapitulación e repaso da materia suspensa: exercicios concretos que incidan nos puntos fundamentais do tema, básicos para a aprendizaxe dos mínimos establecidos para cada tema.
- Traballos e actividades pendentes de entregar ou a recuperar, que non foran avaliados positivamente no período ordinario.

Na sesión de avaliación final, o profesorado destes alumnos e alumnas, decidirá sobre a súa promoción atendendo á consecución dos obxectivos, ó grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna e sempre, tendo en conta, os criterios de promoción establecidos na programación.

No período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final o alumnado que aprobou toda a materias na sesión do 6/06/22, realizará actividades de ampliación e titoría orientadas á ampliación e ó afondamento das aprendizaxes xa adquiridas: actividades que

requiran a busca ou ampliación de datos e coñecementos. Así mesmo proporanse exercicios nos que se teñan que relacionar contidos xa vistos de outras unidades para decatarse de que nos atopamos diante dun estudio multicausal.

A cualificación definitiva destes alumnos e alumnas, farase efectiva na avaliación final do curso, podendo superar a nota da 3ª avaliación nun máximo de 1 punto, se cumpran os seguintes criterios:

- ✓ Actitude positiva do alumno ou alumna na aula, atención ás explicacións do profesorado, formulación de dúbidas se as houberse e interese e esforzo na resolución de problemas.
- ✓ Actitude de respecto cara ó profesorado e ós compañeiros.
- ✓ Participación no traballo da aula e presentación de todas as actividades de ampliación, propostas para este período, resoltas e corrixidas.

Addenda á avaliación Física e Química

Como aparece recollido na Programación da materia a avaliación continua do alumnado realízase mediante unha síntese entre o seu traballo diario e os resultados obtidos nas probas de control e seguimento que se realicen ao longo do curso. Valorarase o traballo realizado na clase, e a realización das tarefas na casa.

- Procederase á realización de probas obxectivas sobre contidos específicos (polo menos dúas por avaliación). A valoración da adquisición dos contidos terá un peso na nota global dun 60 % da mesma.
- A realización do traballo diario, tendo o caderno de traballo ao día; a participación na clase, cunha actitude construtiva cara á materia, suporá o 20% da cualificación satisfactoria da materia.
- Os traballos individuais ou en grupo que se soliciten, así como as prácticas de laboratorio, traballo cooperativo e APS contarán o 20% restante

No caso de obter cualificación negativa nalgunha das avaliacións o alumnado fará unha proba de recuperación dos exames suspensos nos días posteriores a avaliación. Todo isto levarase a cabo antes do 6 de xuño.

A partir do 6 de xuño, o alumnado pode atoparse nalgunha destas situacións:

- Ter as tres avaliacións cualificadas positivamente polo que ata o remate do curso realizará actividades de ampliación e titorización que poden aumentar a media ata 0,5 puntos en función da actitude e resultados das actividades levadas a cabo.
- Ter cualificación negativa en algunha das avaliacións polo que ata o remate do curso recibirá reforzo e titorización a través de distintas actividades para conseguir acadar os obxectivos e poderá presentarse a unha proba final para conseguir a avaliación positiva na materia.

A cualificación final reflectirase na avaliación que se levará a cabo a partir do 22 de xuño.

Addenda á avaliación da Segunda Lingua Estranxeira: Francés

Rectifícanse os apartados 11.3 e 11.4 e engádesse o punto 11.5 da programación da Segunda lingua estranxeira-Francés quedando redactados da maneira que segue, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional* (BOE 17/11/2021) e *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* (DOG 11/02/2022).

11.1 Recuperacións

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará os contidos de todo o curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contémplase así mesmo unha proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os conceptos fonéticos, gramaticais e de vocabulario traballados ao longo do curso.

11. 2 Materias pendentes

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a. Desde o centro, ofrecerase ao alumnado coa materia pendente a posibilidade de acudir a clases específicas de reforzo da Segunda lingua estranxeira – Francés os martes de 15.30 a 16.20. Nelas traballarase os contidos non superados nos cursos indicados. Así mesmo, para o alumnado que non poda ou decida non acudir a estas clases, proporcionaráselle material para traballar na casa. Tamén se programará unha proba escrita final en maio a superar polo alumnado. Por último, programárase unha proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de xuño. As probas programáranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos de unidades anteriores que se considere oportuno volver a controlar.

A cualificación das probas de pendentes corresponde ao profesorado que imparta clases ao alumnado no curso superior da materia que o alumno teña pendente. É dicir: o alumno que teña por caso a Segunda lingua estranxeira-Francés de 3º pendente, será avaliado polo profesor que lle imparta clase en 4º, e así sucesivamente.

11.5 Avaliación final do alumnado coa materia superada.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos

contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final.

Addenda á avaliación InAEE

Dende o 6/06/2022 ata o 22/06/22 , aqueles alumnos que non acadaron de xeito suficiente os obxectivos de etapa, realizarán actividades de apoio, reforzo e recuperación que estarán dirixidos a recuperar e garantir a adquisición das aprendizaxes mínimas para continuar o proceso educativo.

Tipos de actividades:

- Actividades de recapitulación e repaso da materia suspensa: exercicios concretos que incidan nos puntos fundamentais do tema, básicos para a aprendizaxe dos mínimos establecidos para cada tema.
- Traballos e actividades pendentes de entregar ou a recuperar, que non foran avaliados positivamente no período ordinario.

Na sesión de avaliación final, o profesorado destes alumnos e alumnas, decidirá sobre a súa promoción atendendo á consecución dos obxectivos, ó grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna e sempre, tendo en conta, os criterios de promoción establecidos na programación.

No período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final o alumnado que aprobou toda a materias na sesión do 6/06/22, realizará actividades de ampliación e titoría orientadas á ampliación e ó afondamento das aprendizaxes xa adquiridas: actividades que requiran a busca ou ampliación de datos e coñecementos. Así mesmo proporanse exercicios nos que se teñan que relacionar contidos xa vistos de outras unidades para decatarse de que nos atopamos diante dun estudio multicausal.

A cualificación definitiva destes alumnos e alumnas, farase efectiva na avaliación final do curso, podendo superar a nota da 3ª avaliación nun máximo de 1 punto, se cumplan os seguintes criterios:

- ☒ Actitude positiva do alumno ou alumna na aula, atención ás explicacións do profesorado, formulación de dúbidas se as houberse e interese e esforzo na resolución de problemas.
- ☒ Actitude de respecto cara ó profesorado e ós compañeiros.
- ☒ Participación no traballo da aula e presentación de todas as actividades de ampliación, propostas para este período, resoltas e corrixidas.

Addenda á avaliación Primeira lingua estranxeira – Inglés

Rectifícase os apartados 11.2 e 11.3 e engádesse o punto 11.7 da programación do Departamento de Plurilingüismo quedando redactados da maneira que segue, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional* (BOE 17/11/2021) e *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* (DOG 11/02/2022).

11.2 Recuperacións

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará os contidos de todo o curso, así como nas probas de listening e speaking desa mesma avaliación.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño que non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contéplase así mesmo unha proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e consistirá nunha proba de vocabulary, grammar, reading e writing.

12. 3 Materias pendentes

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a. Desde o centro, ofrecerase ao alumnado coa materia pendente a posibilidade de acudir a clases específicas de reforzo de inglés os martes de 15.30 a 16.20. Nelas traballarase os contidos non superados nos cursos indicados. Así mesmo, para o alumnado que non poda ou decida non acudir a estas clases, proporcionaráselle material para traballar na casa. Tamén se programará unha proba escrita final en maio a superar polo alumnado. Por último, programarase unha proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de Xuño. As probas programaranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos de unidades anteriores que se considere oportuno volver a controlar.

As probas poderán referirse a todos ou algúns dos seguintes apartados:

- Vocabulario
- Gramática/Funcións
- Expresión oral (Speaking)
- Comprensión escrita (Reading comprehension)
- Expresión escrita (Writing)
- Comprensión oral (Listening)

A cualificación das probas de pendentes corresponde ao profesorado que imparta clases ao alumnado no curso superior da materia que o alumno teña pendente. É dicir: o alumno que

teña por caso o inglés de 3º pendente, será avaliado polo profesor que lle imparta clase en 4º, e así sucesivamente.

11.7 Avaliación final do alumnado coa materia superada.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación ordinaria.

Addenda á avaliación Latín

Rectifícanse os apartados 11.3 e 11.4 e engádesse o punto 11.5 da programación de Latín quedando redactados da maneira que segue, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regula a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022).*

11.1 Recuperacións

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará os contidos de todo o curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contéplase así mesmo unha proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os conceptos gramaticais, sintácticos e culturais traballados ao longo do curso.

11.5 Avaliación final do alumnado coa materia superada.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final

Addenda á avaliación Lingua Castelá e Literatura

Rectifícanse os apartados 11.3 e 11.4 e engádese o punto 11.5 da programación do Departamento de Lingua castelá quedando redactados da maneira que segue, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional* (BOE 17/11/2021) e *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* (DOG 11/02/2022).

11.1 Recuperacións

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará os contidos de todo o curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contémplase así mesmo unha proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os conceptos gramaticais, sintácticos, ortográficos e literarios traballados ao longo do curso.

2 Materias pendentes

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a. Desde o centro, ofrecerase ao alumnado coa materia pendente a posibilidade de acudir a clases específicas de reforzo de lingua castelá os martes de 15.30 a 16.20. Nelas traballarase os contidos non superados nos cursos indicados. Así mesmo, para o alumnado que non poda ou decida non acudir a estas clases, proporcionaráselle material para traballar na casa. Tamén se programará unha proba escrita final en maio a superar polo alumnado. Por último, programarase unha proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de xuño. As probas programaranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos de unidades anteriores que se considere oportuno volver a controlar.

A cualificación das probas de pendentes corresponde ao profesorado que imparta clases ao alumnado no curso superior da materia que o alumno teña pendente. É dicir: o alumno que teña por caso a lingua castelá de 3º pendente, será avaliado polo profesor que lle imparta clase en 4º, e así sucesivamente.

11.5 Avaliación final do alumnado coa materia superada.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final

Addenda á avaliación Lingua Galega e Literatura

Rectifícanse os apartados referentes aos criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado da programación do Departamento de Lingua galega e literatura, da seguinte maneira, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro*, polo que se regulan a avaliación e a promoción e titulación na Educación Primaria, así como a avaliación e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o -bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia DOG 11/02/2022).

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará todos os contidos do curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contéplase así mesmo una proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os conceptos gramaticais, sintácticos, ortográficos e literarios traballado ao longo do curso.

Materias pendentes:

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a. Poderase proporcionar tamén material para traballar persoalmente a nivel persoal.

Programarase una proba escrita final en maio a superar polo alumnado. Tamén se programará una proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de xuño.

As probas programaranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos doutras unidades que se considere oportuno.

A avaliación das probas pendentes corresponde ao profesorado que imparta clases ao alumnado no curso superior da materia que o/a alumno/a teña pendente.

Avaliación final do alumnado coa materia superada:

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a final, o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá realizar actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Tratarase de realizar actividades carácter máis lúdico e que impliquen unha elaboración que non é posible realizar no transcurso das outras avaliacións.

Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír ao redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final.

Addenda á avaliación Matemáticas

Dende o 6/06/2022 ata o 22/06/22 , aqueles alumnos que non acadaron de xeito suficiente os obxectivos de etapa, realizarán actividades de apoio, reforzo e recuperación que estarán dirixidos a recuperar e garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Tipos de actividades:

- Actividades variadas, alternando as individuais con outras en pequenos grupos.
- Actividades interactivas, emprego de ferramentas dixitais ou aplicacións informáticas para que lles resulten máis atractivas e motivadoras.

Na sesión de avaliación final, o profesorado destes alumnos e alumnas, decidirá sobre a súa promoción atendendo á consecución dos obxectivos, ó grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumno ou alumna e sempre, tendo en conta, os criterios de promoción establecidos na programación.

No período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final, o alumnado que aprobou todas as materias na sesión do 6/06/22, realizará actividades de ampliación e titoría orientadas ó avance e ó afondamento das aprendizaxes xa adquiridas.

A cualificación definitiva destes alumnos e alumnas, farase efectiva na avaliación final do curso, podendo superar a nota da 3ª avaliación nun máximo de 1 punto, se se cumplan os seguintes criterios:

- ✓ Actitude positiva do alumno ou alumna na aula, atención ás explicacións do profesorado, formulación de dúbidas se as houbese e interese e esforzo na resolución de problemas.
- ✓ Actitude de respecto cara ó profesorado e ós compañeiros.

Addenda á avaliación Música

PROGRAMACIÓN MÚSICA: 2º, 3º, 4º ESO REVISIÓN E ADENDA

Non se contemplan cambios na programación, respecto á Avaliación. Así e todo, resúmese, a continuación, o máis significativo da mesma e unha breve ADENDA

AVALIACIÓN

1. Procedementos de avaliación

- Probas prácticas de lectura e interpretación que o profesor considere oportunas.
- Probas escritas, configuradas como síntese dos contidos máis significativos traballados, unha ou varias por trimestre, segundo a evolución da aprendizaxe e o tempo dispoñible.
- Traballos

-- Actitude na clase: atención, interese, participación nas actividades interpretativas e nos diálogos.

--Traballo persoal: tarefas, presentación e realización de traballos.

O alumnado que non alcance os obxectivos de cada avaliación deberá realizar unha **proba de recuperación de contidos mínimos**, ben ó remate do trimestre ou cando desexe; de non ser así, faríase no 3º trimestre. Esta proba de mínimos tamén se refire ós contidos prácticos. Se a avaliación negativa se debera á non **entrega de traballos imprescindibles**, deberá entregar estes para que sexa recuperada. Aínda así, se algunha avaliación non fose recuperada e a **actitude do alumno/a fora positiva, a avaliación faríase en conxunto**, non atendendo exclusivamente a criterios matemáticos. Pola contra, aqueles **alumnos/as con actitude negativa deberían ter unha nota media de 5 para que a avaliación fora positiva**

2. Criterios de cualificación

Os criterios para a cualificación dos alumnos nas convocatorias ordinarias serán os seguintes:

- Probas escritas sobre os contidos estudados: **50%**. En 4ª ESO, **40%**
- Interpretación: Lectura rítmica, solfexo, percusión corporal: **15%**. En 4º ESO, **20%**
- Actitude, interese (actividades opcionais), traballo persoal: **10%**. En 4º, **15%**
- Traballos: **25%**

As probas escritas valoraranse sobre 10, así como as probas de interpretación (se as houbera). As probas de recuperación faranse tal e coma queda exposto no segundo parágrafo do punto 1.

3. Instrumentos de avaliación

1. Probas escritas:

- Exercicios de escritura musical e ditados rítmicos.
- Exercicios de recoñecemento auditivo e/ou visual de estilos musicais, agrupacións ou /e instrumentos.
- Probas sobre os contidos estudados: V ou F; tipo test; resposta directa; unión de columnas; razoamento e opinión.

2. Probas orais para controlar o dominio da linguaxe musical:

- Lectura individual dunha melodía e/ou ritmo dos traballados na clase.
- Interpretación durante as clases.

3. Observación e control do traballo diario realizado nas clases, así como do interese, esforzo e **actitude** cara á materia.

4. Actitude de escoita nas audicións

6. Tarefas específicas de cada unidade para realizar fóra do horario escolar.

7. Traballos de investigación e documentación sobre diferentes aspectos relacionados cos contidos do curso ou de especial interese para os alumnos.

4. Criterios de corrección e puntuación

Tanto as probas escritas coma as prácticas valoraranse sobre 10.

- Se unha pregunta é tipo test, na que se inclúen 10 respostas, cada resposta terá un valor de 0,1 ou 0,2 dependendo de que o valor desa pregunta sexa 1 ou 2 puntos. Se foran 8 as respostas, 4 acertos terían un valor de 0,5 e así proporcionalmente o resto.
- Se dunha pregunta está ben a metade, terá a metade da puntuación (de 1 punto); se está ben a cuarta parte, terá un cuarto de punto. Esta será a norma xeral, aínda que pode haber excepcións cando o acertado se contradí co resto da pregunta.

5. Materia pendente

Non se contemplan nesta área actividades de recuperación de materia pendente doutros cursos, dado o carácter de continuidade que ten a área. A superación do curso no que o alumno estea matriculado suporá a recuperación dos anteriores que puideran estar suspensos.

- En 4º, como a materia é optativa, contéplanse dous escenarios:
 - Se a persoa elixe a materia de Música, a superación do curso suporá a recuperación dos anteriores que puideran estar suspensos.
 - Se non elixe esta materia, deberá recuperala ó longo do curso, cos traballos que a profesora lle esixa.
Deberá presentalos nas datas requiridas e amosar un mínimo de interese tanto na presentación coma nos contidos para superar a materia pendente.

Non se fará exame.

ADDENDA

ACTIVIDADES

- Dende o 6 ó 22 de xuño, o alumnado que teña superado o curso ampliará os seus coñecementos nesta materia coa visualización de películas musicais, podcast e audicións, que fagan referencia ós temas do curso, a ser posible. Tamén se dedicarán estes días a preparar a actividade de final de curso.
- O alumnado, que non teña superadas algunha das tres avaliacións, fará exercicios escritos sobre as cuestións teóricas básicas, coa fin de preparar o exame de recuperación. Tamén, e segundo cada caso particular, traballarase a lectura rítmica e musical, se fose necesario avaliala.
- O alumnado que teña traballos pendentes de entrega aproveitará eses días para facelos.

CUALIFICACIÓN

- No caso do alumnado co curso aprobado, estas **actividades extraordinarias non afectarán** á súa nota final, a excepción daqueles que, hipoteticamente, tiveran nestes últimos días un comportamento negativo que afectara ó normal desenvolvemento das actividades propostas. Nese caso, a nota final decrecería segundo o permitido.

- O alumnado que teña que facer **recuperación** dalgunha das avaliacións non superadas, **fará unha proba de contidos mínimos** de cada unha das avaliacións non superadas, contidos tanto teóricos coma prácticos, tal e como se sinala no apartado 1. Estas probas terán un valor máximo de 7 puntos.
- O alumnado, que tivera traballos pendentes de entrega, deberá entregalos para calcular a nota final; en caso de non facelo, estes traballos terán unha puntuación de 1.

Addenda á avaliación Oratoria

Rectifícase o apartado 8 (apartado de avaliación extraordinaria ou proba de setembro) e engádesse o punto 8.5 da programación quedando redactados da maneira que segue, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022).*

8.1 Recuperacións

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará os contidos de todo o curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contéplase así mesmo unha proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os conceptos traballados ao longo do curso.

8.5 Avaliación final do alumnado coa materia superada.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final

Addenda á avaliación Relixión Católica

Rectifícanse os apartados referentes aos criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado da programación do Departamento de Relixión Católica, da seguinte maneira, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro*, polo que se regulan a avaliación e a promoción e titulación na Educación Primaria, así como a avaliación e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o -bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia DOG 11/02/2022).

Avaliación parcial: Aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala entregando un traballo de investigación sobre un tema elixido pola profesora e que estea relacionado cos contidos mínimos da materia. No caso de non realizar o traballo, poderá recuperar na última proba do terceiro trimestre, xa que abarcará todos os contidos do curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contéplase así mesmo una proba de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará contidos mínimos do curso

Materias pendentes:

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a. Poderase proporcionar tamén material para traballar persoalmente a nivel persoal.

Poderá recuperarse a materia realizando un traballo proposto pola profesora.

Programarase una proba escrita final en maio a superar polo alumnado. Tamén se programará una proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de xuño.

As probas programaranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos doutras unidades que se considere oportuno.

A avaliación das probas pendentes corresponde ao profesorado que imparta clases ao alumnado no curso superior da materia que o/a alumno/a teña pendente.

Avaliación final do alumnado coa materia superada:

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a final, o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá realizar actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Tratarase de realizar actividades carácter máis lúdico e que impliquen unha elaboración que non é posible realizar no transcurso das outras avaliacións.

Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas e traballos que servirán para contribuír ao redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final.

Addenda á avaliación Tecnoloxías

Tecnoloxía 2º ESO

Rectifícase os apartados 9.1 e 9.2 e engádese o punto 9.3 da programación de Tecnoloxía do segundo curso de educación secundaria, quedando redactados da maneira que segue, adaptándose á nova normativa referente á avaliación e promoción: *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022).*

9.1 Recuperacións

Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algún exame ou algunha avaliación o longo do curso , terá a opción de recuperala na avaliación final que abarca as ultimas semanas do curso.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación sobre os obxectivos non acadados. Contémplase así mesmo a realización de probas de recuperación que se axustarán aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e consistirá en facer as probas que se suspenderon o longo do curso as veces necesarias para superar a materia , na temporalización establecida para a avaliación final.

9.2 Materias pendentes

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a. Neles traballarase os contidos non superados nos cursos indicados. Programará unha proba escrita final en maio a superar polo alumnado. Por último, programarase unha proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de Xuño. As probas programaranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos de unidades anteriores que se considere oportuno volver a controlar e realizar.

As probas poderán referirse a todos ou algúns dos seguintes apartados:

- Láminas de debuxo técnico – Vistas dunha figura.
- Proxecto tecnolóxico (fases e liñas de acción).
- Representación gráfica.
- Materiais de uso técnico.
- Ferramentas e operacións.
- Estruturas e mecanismos.
- Normas de seguridade no taller...

A cualificación das probas de pendentes corresponde ao profesorado que impartiu clases ao alumnado no curso no que suspendeu a materia que o alumno teña pendente.

9.3 Avaliación final do alumnado coa materia superada.

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos. Isto inclúe a construción, verificación e a finalización do proxecto final de curso no período que abrangue do 6 o 22 de xuño. Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final cun incremento máximo dun 5% da nota media.

Tecnoloxía 3º e 4º ESO

- Avaliación:

Elimínase o punto 10.3. Avaliación extraordinaria e rectifícanse os apartados 10.2.2. Criterios de cualificación e recuperación 3º ESO e 10.2.2. Criterios de cualificación e recuperación 4º ESO na súa parte de recuperacións e 10.4 Materias pendentes de cursos anteriores.

Ademais engádense o punto 10.6 Avaliación final do alumnado coa materia superada, da programación da materia de Tecnoloxía quedando redactados da maneira que segue, adaptándose así á nova normativa referente á avaliación e promoción: Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así coma a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11 2021) e Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e Bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/ 2022).

10.2.2. RECUPERACIÓN 3º ESO:

Avaliación parcial: No caso de obter cualificación negativa nalgunha das avaliacións o alumnado terá a opción de recuperala. Para superar a materia é obrigatorio ter aprobado todas as avaliacións tendo como mínimo un 5.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación que versarán sobre os obxectivos non acadados.

Contemplase así mesmo unha proba global de mínimos que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os contidos mínimos teóricos e prácticos traballados ao longo do curso. Na proba deberá obter un mínimo de 5. As citadas probas deberán ser superadas para promocionar ó curso seguinte coa cualificación de suficiente.

10.2.3. RECUPERACIÓN 4º ESO:

Avaliación parcial: No caso de obter cualificación negativa nalguna das avaliaciós o alumnado terá a opción de recuperala. Para superar a materia é obrigatorio ter aprobado todas as avaliaciós tendo como mínimo un 5.

Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación que versarán sobre os obxectivos non acadados.

Contemplase así mesmo unha proba global de mínimos que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os contidos mínimos teóricos e prácticos traballados ao longo do curso. Na proba deberá obter un mínimo de 5. As citadas probas deberán ser superadas para promocionar ó curso seguinte coa cualificación de suficiente.

NOTA DAS AVALIACIÓNS, NOTA AVALIACIÓN FINAL

A suma das notas obtidas nos apartados anteriores será a nota da avaliación tendo en conta que a nota obtida debe ser 5 ou superior a 5 para que se considere aprobada a avaliación. Para obter a cualificación final, farase unha media da nota das tres avaliación.

10.4.- MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES:

Para a recuperación de materias pendentes elaboraranse plans específicos de recuperación adaptados ás circunstancias de cada alumno/a proporcionándolle ao alumnado material para traballar na casa. Tamén se programará unha proba final en maio a superar polo alumnado. Por último, programarase unha proba específica de recuperación de materias pendentes na avaliación final de xuño. As probas programaranse tendo en conta os contidos e obxectivos das unidades correspondentes e aqueles aspectos de unidades anteriores que se considere oportuno volver a controlar.

A cualificación das probas de pendentes corresponde ao profesorado que imparta clases ao alumnado no curso superior da materia que o alumnado teña pendente.

10.6. Avaliación final do alumnado coa materia superada

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliaciós suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos.

Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliaciós e que suporá a reflectida na avaliación final.

Addenda á avaliación TIC

- Avaliación:

Rectifícanse os apartados 11.3 Avaliación extraordinaria e engádense os puntos 11.6. Recuperacións e 11.7. Avaliación final do alumnado coa materia superada, da programación da materia de TIC do departamento de Tecnoloxía quedando redactados da maneira que segue,

adaptándose así á nova normativa referente á avaliación e promoción: Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así

coma a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17/11 2021) e Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e Bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/ 2022).

11.6.-Recuperacións:

-Avaliación parcial: A avaliación terá un carácter progresivo polo que aquel alumnado que suspenda algunha avaliación terá a opción de recuperala.

-Avaliación final: Durante o período lectivo comprendido entre o 6 e o 22 de xuño quen non supere a avaliación parcial de xuño realizará actividades de reforzo e recuperación que versarán sobre os obxectivos non acadados.

Contemplase así mesmo unha proba-tarefa global de recuperación que se axustará aos mesmos contidos e criterios de avaliación do curso ordinario e que englobará os contidos mínimos teóricos e prácticos, especialmente os referentes aos programas informáticos traballados ao longo do curso.

11.7. Avaliación final do alumnado coa materia superada

No período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final o alumnado que non teña avaliacións suspensas poderá participar e realizar as actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o curso, e que lles servirán para afianzar os coñecementos básicos.

Neste período poderanse avaliar ditas actividades ou realizar probas que servirán para contribuír no redondeo á alza da cualificación obtida de media das 3 avaliacións e que suporá a reflectida na avaliación final.

Addenda á avaliación Xeografía e Historia

Rectifícanse os apartados referidos a avaliación final

AVALIACIÓN FINAL

CUALIFICACIÓN (Cálculo da nota media)

REQUISITOS: Ter superadas as tres avaliacións cunha nota mínima de 5.

CONDICIÓN: Pódese compensar unha avaliación con outra sempre que a nota mínima non sexa inferior a un catro.

CÁLCULO NOTA: Media das tres avaliacións.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA:

En cada unha das tres avaliacións parciais mantéñense os criterios de avaliación e cualificación indicados na Programación Didáctica.

SISTEMAS DE RECUPERACION

Para todo aquel alumnado que non acade os obxectivos de etapa fixados para cada curso, durante as sesións de clase que se asignen á materia de Xeografía e Historia entre os días 6 e 22 de xuño, elaboraranse actividades que tendan a recuperar, reforzar ou acadar os obxectivos non superados. Estas actividades serán similares ás realizadas ó longo do curso en base aos criterios de avaliación máis salientables dos distintos bloques temáticos. A

adquisición deses contidos terá que ser verificada nunha proba de avaliación a realizar entre os días 20 e 22 de xuño.

Considerarase superada a materia obxecto de recuperación cando responda correctamente a un 70% das cuestións formuladas nas probas.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Probas obxectivas escritas:

- De información: para medir a aprendizaxe de conceptos e datos importantes.

Instrumentos:

- Baterías de preguntas.

SISTEMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Mantéñense os mesmos criterios de avaliación e cualificación indicados na Programación Didáctica no referente á recuperación de materias pendentes.

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO QUE TEN SUPERADA A MATERIA NA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL

Tal e como sinala o punto 8 do Artigo 7 da Orde 25 de xaneiro de 2022, todo o alumnado que teña superado o curso na sesión da terceira avaliación parcial, terá dereito a sesións de ampliación e titorización.

No caso da materia de Xeografía e Historia, estas sesión dedicaranse a clases de afondamento de contidos xa explicados durante o curso. As actividades deseñadas serán comentarios de texto e traballos de ampliación tanto individuais como grupais. A súa realización será valorada cun incremento máximo dun 5% da nota, sempre que estean todos entregados correctamente en tempo e forma. A actitude do alumnado durante esas sesión deberá ser correcto. Unha actitude negativa ou disruptiva poderá impedir que a súa nota se vexa incrementada, aínda que nunca minisvalorada.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación co alumnado e familias realízase a través da plataforma online do centro educativo.
Publicidade	Páxina web do centro educativo.